



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

XORNADA “COMO MELLORAR A TÚA SOLICITUDE EUROPEA:

ASPECTOS TRANSVERSAIS DENTRO DO PROGRAMA H2020”

Venres 9 de maio 2014, 10:30h

Salón de graos Facultade de Economía e Empresa, Campus de Elviña, A Coruña

Esquema da xornada:

Nun entorno altamente competitivo no que as propostas científicamente excelentes serán a tónica xeral, o éxito dunha proposta dependerá, ademáis de pola súa excelencia, da correcta inclusión de todos os aspectos, sectoriais e horizontais, que os programas de traballo e as convocatorias de H2020 teñan definido. Así, nun contexto de crise financeira e económica, en H2020 é especialmente importante a consideración das Ciencias Sociais como un elemento básico de calquera proxecto, tanto para aqueles participantes que deben aportar o seu expertise neste campo como para o resto dos participantes doutras áreas científicas e tecnolóxicas.

O obxectivo principal da xornada é informar aos potenciais interesados da importancia de incluír temas transversais concretos no contido das propostas, con independencia do Piar ou do Reto Social ao que estas se adscriba. Estes temas son, entre outros, os seguintes:

- a igualdade de xénero
- a expansión e difusión do coñecemento
- a cooperación internacional
- a inclusión das pequenas e medianas empresas de alto contido tecnolóxico (spin-off, start-up)
- a comunicación do coñecemento e a innovación xerados durante a execución dos proxectos
- o desenvolvemento sostible
- a interdisciplinabilidade na i+d+i
- etc.



OTII

Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación

Edificio de Servizos Centrais de Investigación
Campus de Elviña s/n
15071 A Coruña

Tfno: 981-167173
www.udc.gal/otri
otri.aula@udc.es

Farase especial énfase no Reto 6 “Sociedades inclusivas, innovadoras e reflexivas”, dedicado especificamente ás Ciencias Sociais”, e o subprograma “Ciencia con e para a Sociedade”, que pretende a integración armoniosa da ciencia e a tecnoloxía na sociedade europea.

Público: *Toda/a investigador/a que desexe aprender sobre os aspectos fundamentais do deseño do programa H2020, independentemente do reto social co que se identifique.*

Financiado por:

